

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

ORDE do 12 de xullo de 2024 pola que se amplía a dotación orzamentaria da Orde do 13 de decembro de 2023, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para os investimentos para a elaboración e comercialización de produtos vitivinícolas, financiadas polo Fondo Europeo Agrícola de Garantía (Feaga), e se convocan para o exercicio orzamentario de 2024 (código de procedemento MR361A).

A Orde do 13 de decembro de 2023 (publicada no DOG número 244, do 27 de decembro) establece as bases reguladoras das axudas para os investimentos para a elaboración e comercialización de produtos vitivinícolas, financiadas polo Fondo Europeo Agrícola de Garantía (Feaga), e convócaaas para o exercicio orzamentario de 2024.

No seu artigo 29, relativo ao financiamento destas axudas, detállase a aplicación orzamentaria utilizada así como o importe económico previsto para cada un dos exercicios orzamentarios establecidos. Neste artigo sinálase ademais que os importes indicados se poderán incrementar nos supostos previstos no artigo 31.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A existencia de remanentes doutras convocatorias permite a ampliación dos fondos inicialmente previstos, e ademais é necesaria esta ampliación en vista das solicitudes de axuda presentadas. Trátase, polo tanto, dunha convocatoria de axudas aínda non resolta, e mediante esta orde de modificación dáse cumprimento ao requisito de publicidade do incremento do crédito orzamentario para o seu coñecemento polas posibles persoas beneficiarias das axudas.

En consecuencia, de acordo co disposto no artigo 30.I.3 do Estatuto de autonomía de Galicia, e no uso das facultades que me confire a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia,

DISPOÑO:

Artigo único. *Ampliación da dotación orzamentaria*

Amplíase a dotación orzamentaria que se establece na Orde do 13 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para os investimentos para

CVE-DOG: fc7tojp4-uyp6-msk3-ymj4-emd1xz9td2i4



a elaboración e comercialización de produtos vitivinícolas, financiadas polo Fondo Europeo Agrícola de Garantía (Feaga), e se convocan para o exercicio orzamentario de 2024, nos seguintes importes:

Concepto orzamentario	Código de proxecto	Anualidade 2024 (€)	Anualidade 2025 (€)
45.04.713D.770.0	201400658	1.000.000	1.034.624

Conforme isto, a dotación orzamentaria total para o financiamento desta orde é a seguinte:

Concepto orzamentario	Código de proxecto	Anualidade 2024 (€)	Anualidade 2025 (€)
45.04.713D.770.0	201400658	3.000.000	3.534.624

Disposición adicional única. *Non afectación ao prazo de presentación das solicitudes de axuda*

Esta modificación orzamentaria non afecta o prazo que se establece para a presentación de solicitudes de axuda na devandita Orde do 13 de decembro de 2023.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 12 de xullo de 2024

María José Gómez Rodríguez
Conselleira do Medio Rural

CVE-DOG: fc7tojp4-uyp6-msk3-ymj4-emd1xz9td2i4

